



## UNIDADE 3

# Valorarase a experiencia

Móstrelles a foto da páxina 33 aos seus alumnos e pregúntelles onde cren que está a persoa e que está a facer. Acepte todas as respostas xustificadas, aínda que probablemente algúns xa farán referencia ao ámbito laboral (está buscando nun xornal os anuncios de traballo). Mostre interese pola experiencia dos seus alumnos neste tipo de situación.

Despois de recoller as súas suxestións, remítaos ao título da unidade e pregúntelles que significa e onde se pode atopar esta expresión (nun anuncio de traballo).

Finalmente, preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: establecer as condicións dunha convocatoria.

# Valorarase a experiencia



comprender

## 1. ARTE CONTEMPORÁNEA

Ler un texto sobre a inauguración dun museo. escoitar unha conversa entre dúas persoas sobre a nova e expresar a propia opinión sobre os temas que abordan.

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se lle parece conveniente, pode levar á clase un mapa da cidade de Vigo, para que os seus alumnos sitúen onde se encontra o MARCO.

### ANTES DE COMEZAR

Móstrelles aos seus alumnos o texto que van ler e a foto do MARCO. Pregúntelles se lles gusta o edificio e se coñecen algún outro museo que sexa especialmente orixinal na súa construción (como o CGAC, por exemplo).

Así mesmo, pode preguntarlles se lles gusta a arte, se adoitan visitar museos ou que tipo de museo de arte lles gusta máis.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Indíquelles que o texto é unha noticia que fala da inauguración do museo. Se lle parece conveniente, pódelles facer as seguintes preguntas para que busquen no texto certas informacións:

1. **Que peculiaridades presenta o edificio?**
2. **Cales son as accións máis destacables do seu proxecto cara á sociedade?**
3. **Que son *Cardinales*?**

Déalles uns minutos para que lean e, logo, realice unha posta en común.

### Solución

1. *É unha obra de arte en si mesmo. Foi construído arredor de 1880, e xa foi sede dos antigos xulgados e do cárcere municipal. Coa súa remodelación, pódese ver dende un único punto toda a súa estrutura interior.*
2. *Fomentar e divulgar a arte contemporánea; establecer liñas de investigación e recuperación de movementos históricos; crear unha dinámica e unha programación que invite os cidadáns a iren ao museo como algo habitual, ao que se engade unha política de prezos reducidos e algúns programas específicos de pedagogía museística.*
3. *Unha das mostras que abren o museo.*

**B.** A continuación, explíquelles aos estudantes que van escoitar os comentarios sobre a nova de dúas persoas que viven en Vigo. Indíquelles que deben marcar no mesmo texto os aspectos dos que falan e, por outra banda, a opinión que teñen os interlocutores respecto do tema que tratan.

Póñalles o audio unha vez e, antes de repetilo, deixe que comparen as súas respostas.

### Solución

Temas dos que falan:

1. *O diñeiro investido na construción do museo.*
2. *O deseño arquitectónico do edificio.*
3. *Se á xente lle gusta a arte moderna.*

### Opinións

*O rapaz opina que é demasiado diñeiro para un museo e que o diñeiro podería investirse noutras cousas máis útiles como transportes públicos, parques ou máis bibliotecas. O edificio parécelle feísimo e non lle gusta porque fora un cárcere. Amais, cre que a arte moderna non lle gusta á xente porque non se entende.*

*A rapaza pensa que o diñeiro está ben investido, posto que o museo vai atraer máis turismo á cidade e logo haberá máis diñeiro para construír as cousas que menciona o rapaz. Gústalle a mestura da arquitectura antiga coa moderna e parécelle ben que se recuperen edificios antigos na cidade. Cre que á xente si lle gusta a arte porque os museos cada vez reciben máis visitas e que os humanos precisamos da arte porque somos creativos.*

**C.** Pídalles agora que, en grupos, opinen sobre os temas da conversa que acaban de escoitar. Indíquelles que deben argumentar as súas opinións e que poden facer referencia aos seus propios países ou localidades. Se lle parece conveniente, pode facer unha posta en común das diversas opinións.

## 2. UNHA EXPOSICIÓN

Ler unha entrevista a un comisario dunha exposición e resumir os diferentes temas que se tratan nela.

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se saben que significa a palabra **comisario/a**. Se as súas respostas non fan referencia ao seu uso en relación co mundo da arte, introdúzoos vostede. A continuación, pregúntelles cal cren que é a función dun comisario nunha exposición. Deixe que fagan hipóteses, pero non lles dea a solución, xa que van obtela a partir da lectura.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Explíquelles que van ler unha entrevista realizada a Iñaki Martínez Antelo, director do MARCO e comisario dunha exposición, e que terán que definir cal é a súa función na organización da exposición.

Unha vez que rematen a lectura, pídalles que respondan a pregunta: **Cal é a función dun comisario de exposicións?** Deixe que comparen as súas respostas en parellas e comprobe se son correctas. Finalmente, pregúntelles se as súas respostas coinciden co que dixeran antes de ler a entrevista e se descubriron no texto outras funcións asociadas a esta profesión.

**Solución**

*A función dun comisario é a de buscar os artistas axeitados para participaren nunha exposición, segundo o requirimento dos seus organizadores. Unha vez seleccionados os artistas idóneos, de acordo co criterio establecido, trata de buscar a forma de que a obra apareza coa maior coherencia para ser comprendida polo espectador. Iso realízase en colaboración co artista ou, no caso de que este xa morrese, contando coa opinión daqueles que o coñecían ben, así como a súa obra.*

**B.** A continuación, pregúntelles aos seus alumnos se lles gusta a arte contemporánea e por que. Indíquelles que na entrevista se comentan varias cuestións máis ou menos polémicas relacionadas coa arte. Deben localizalas no texto e resumir o que se di ao respecto.

**Solución**

– **Os temas e as preocupacións dos que tratan da arte:**

*O que está a acontecer aquí e agora; a inmediatez, tanto espacial como temporal.*

– **En que se debe centrar a arte contemporánea:**

*No que acontece na creación do seu tempo e do seu contexto; en investigar e mostrar o que está a suceder.*

– **Como deben ser os museos:**

*Un espazo que favorece o encontro e o intercambio. Debe, ademais, encher certos baleiros na percepción, no coñecemento ou na difusión da obra de artistas emerxentes.*

– **Os formatos e os materiais utilizados para facer obras de arte:**

*Graffitis, intervencións urbanas, vídeo, escultura, instalacións plásticas e sonoras, pintura.*



### 3. CANDIDATOS

**Ler unha convocatoria de emprego dunha empresa galega. Identificar as formas do futuro de subxuntivo. Analizar o currículo de dous candidatos e decidir cal pasa a selección. Ler un informe, identificar e analizar a súa estrutura.**

**ANTES DE COMEZAR**

Pregúntelles aos seus alumnos que significa **convocatoria** e pídalles que dean algúns exemplos do contido que pode ter unha (requisitos, bases, documentación que hai que achegar...). Isto vai servir para ver se comparten o mesmo concepto e sondar que linguaxe empregan para dar os exemplos.

A continuación, pode preguntarlles que tipos de convocatoria coñecen (de emprego, concursos etc.) e, respecto das convocatorias de emprego, de que distintas formas poden aparecer: publicadas

internamente por unha empresa, só para os seus empregados; de carácter público, para cubrir postos na Administración; aparecidas en xornais ou noutros medios, abertas a todo o mundo etc.

Se o considera pertinente, pode relacionar esta actividade coa anterior e preguntarlles que condicións cren que figuran nunha convocatoria para un posto de comisario ou comisaria. Poden comentalo de forma xeral na clase. Se lle interesa explotalo máis, poderían facer unha lista dos requisitos en parellas e gardala para, despois de traballar as actividades 3 e 4, retomala e corrixila unha vez vistos estes contidos.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Dígalles que unha empresa galega de telecomunicacións realizou un programa para levar a cabo un intercambio cunha empresa uruguaia. Deixe que eles expliquen en que consiste un intercambio ou a que adoita referirse esta palabra no contexto do mundo laboral.

A continuación, móstrelles os puntos da convocatoria e pídalles que os lean individualmente. Despois, coméntelles que os verbos subliñados están en futuro de subxuntivo, unha forma verbal moi propia do galego. Coméntelles os contextos e situacións nos que é máis frecuente o seu emprego e explíquelles como é a súa conxugación. Deseguida, dígalles que, en parellas, deben volver fixarse nos fragmentos da convocatoria nos que aparecen esas formas e facer unha frase na cal empreguen o futuro de subxuntivo en contextos similares. Se lle parece pertinente, remítaos á epígrafe “Futuro de subxuntivo” da sección CONSULTAR, na páxina 38.

Déalles uns minutos e pídale a cada parella que lles lea a súa frase aos demais compañeiros. Faga as correccións necesarias en cada caso, comprobando que todos os alumnos entendan con claridade os contextos e construcións que piden ou permiten o emprego do futuro de subxuntivo.

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 110, exercicios 1 e 2.

**B.** Asegúrese de que todos os alumnos entenden claramente o que son requisitos (condicións indispensables) e o que son características que lles poden dar preferencia aos candidatos, pero que *a priori* non son obrigatorias para que se presenten ao posto. Pídalles, ademais, que marquen no texto as frases que expresan unha condición ou unha acción obrigatoria (frases 2, 3 e 5) e que procuren nelas as palabras que indican que se trata de condicións indispensables (**deberá, unicamente, exclusivamente**).

A continuación, coméntelles que dos candidatos que se presentaron á convocatoria da epígrafe A se seleccionaron dous finalistas: Xoana Álvarez Álvarez e Antón Varela Díaz. Dígalles que deben observar os

# Valorarase a experiencia

seus perfís e, logo, decidir cal dos dous pasará máis facilmente a selección, argumentando a súa resposta. Dígalles que o poden facer individualmente e despois comparar a súa resposta coa dun compañeiro.

Déalles uns minutos para que o fagan. Sería interesante non facer unha posta en común, xa que o resultado se vai aclarar no informe da epígrafe C.

## Solución

*Ambos os candidatos cumpren os requisitos para o posto (idade, coñecementos/experiencia e formación). Non obstante, Xoana Álvarez Álvarez pasará máis facilmente a selección porque ten un nivel avanzado (C1) en inglés e Antón, non. Este, por outra banda, participou nun proxecto en Arxentina, pero isto non lle dá ningunha vantaxe, xa que Xoana ten coñecemento doutros idiomas, outro aspecto que tamén se valora.*

## MÁIS EXERCICIOS

Páxina 111, exercicio 4.

**C.** Pregúntelles aos seus alumnos se saben que é un informe e asegúrese de que entre as respostas figure algo similar a: **exposición ou descrición que achega información detallada, datos ou valoracións sobre un tema, unha acción levada a cabo, unha entidade ou unha persoa.** Infórmeos tamén de que os informes poden ser orais ou escritos e abranguen unha ampla variedade temática (de viaxes, de orzamentos, de recomendación, científico, estatístico, administrativo, laboral, político, médico, demográfico...).

A continuación, dígalles que van ler un informe no cal se dá o resultado da selección dos candidatos para o posto da convocatoria e se detalla o seu proceso. Déalles uns minutos para que fagan a lectura individualmente. Logo, propónalles que comenten se están de acordo co resultado da selección e cos argumentos presentados no informe.

**D.** Agora, dígalles que lean outra vez o texto e que, en parellas, identifiquen as partes nas que se mencionan os puntos da convocatoria. Déalles uns minutos e logo faga unha posta en común.

**E.** Coméntelles aos seus alumnos que o informe non ten un formato fixo ou ríxido, senón que pode variar segundo a finalidade do que se quere informar e o destinatario ao que vai dirixido en cada caso. Así, os informes poden ser dende textos máis simples, con un ou máis títulos, ata textos complexos, ou moi complexos, que inclúen diagramas, gráficos, táboas de contido, imaxes, apéndices, notas ao pé, referencias ou ligazóns. Dígalles que, en parellas, deben intentar separar as partes do informe que acaban de ler, para logo comprobaren se este se corresponde co esquema presentado.

Déalles uns minutos antes de facer unha posta en común.

## Solución

*O informe presenta a estrutura do esquema que se ofrece. Á parte dos contidos iniciais de remitente e asunto, ao comezo, e de lugar, data e sinatura, ao final, pódese dividir en tres macropartes:*

A. *Introdución (1.º parágrafo)*

B. *Desenvolvemento (do 2.º ao 5.º parágrafo)*

*1.º argumento: 2.º e 3.º párrafos*

*2.º argumento: 4.º parágrafo*

*3.º argumento: 5.º parágrafo*

C. *Conclusión (6.º parágrafo)*

**F.** Para rematar, pídalles aos seus alumnos que volvan ao informe e verifiquen como se introducen os elementos que fan referencia á experiencia laboral, á formación e á idade dos candidatos. Dígalles que, en parellas, deben subliñar as expresións ou estruturas que serven para enlazar as diferentes partes do texto e, logo, propoñer polo menos unha alternativa que os poida substituír. O obxectivo é comprobar que recoñezan os elementos de cohesión empregados e que sexan capaces de alternalos con outros que teñan o mesmo significado.

Déalles uns minutos e faga unha posta en común. Se lle parece conveniente, remítaos á epígrafe “Introducir unha información nova”, da sección CONSULTAR, na páxina 39.

## Solución

*No que á experiencia laboral se refire...*

*... no tocante á formación académica...*

*O outro motivo aducido, a idade...*

*As estruturas en grosa poden alternarse entre elas nos tres casos. Ademais, pódense substituír por en relación con, con relación a, en canto a, con respecto a, respecto a, respecto de...*

## 4. DIFERENTES FORMAS DE DICIR O MESMO

**Diferenciar os fragmentos dun anuncio dos dunha conversa entre amigos. escoitar a conversa e reflexionar sobre algunhas diferenzas entre o rexistro escrito e o oral.**

### ANTES DE COMEZAR

Remita os seus alumnos ao anuncio que aparece na páxina 37 (explíquelles que se trata dun fragmento). Pregúntelles que é un animador de tempo libre, cal é a súa función, se alguén xa o foi e que requisitos cren que se necesitan para poder exercer esa profesión. Pregúntelles tamén tipo de traballo e os períodos nos que se adoita levar a cabo con máis frecuencia.

As respostas deberían facer referencia á organización e realización de actividades lúdicas para divertir as persoas no seu tempo libre, principalmente en viaxes, festas, campamentos de nenos e de adultos etc. Xeralmente, este tipo de actividades están máis relacionados coas vacacións, polo que adoitan ser traballos de temporada de verán. Os requisitos poden ser: saber idiomas, ter un carácter aberto e sociable, ser dinámico e ter coñecementos para o desenvolvemento de diferentes actividades.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Dígalles aos seus alumnos que o rapaz e a rapaza da fotografía están comentando o anuncio. Explíquelles que van ler cinco pares de frases e que cada par se refire á mesma información, pero unha delas é o fragmento dun anuncio e a outra é parte do que lle conta a rapaza ao seu amigo.

En primeiro lugar, teñen que ler os cinco pares de frases e comprobar se o que se require para as prazas de animador de tempo libre coincide co que eles anticiparan. Deixe que o lean individualmente e faga unha posta en común.

En segundo lugar, teñen que decidir que frases corresponden a cada tipo de discurso: ao anuncio ou á conversa entre a parella de amigos. Poden realizar a actividade individualmente para, logo, compararen e discutiren a súa decisión cun compañeiro (non importa que non se poñan de acordo, xa que despois o poderán comprobar).

**B.** A continuación, dígalles que van escoitar a conversa entre os dous amigos para comprobaren eles mesmos se as súas respostas eran correctas. Deixe que a escoiten unha vez e comparen os resultados entre eles.

**Solución**

1. anuncio
2. conversa
3. conversa
4. anuncio
5. anuncio
6. conversa
7. conversa
8. anuncio
9. anuncio
10. conversa

Se lle parece conveniente, poden escoitar de novo a conversa para determinar se algún dos rapaces vai presentarse á convocatoria (vanse presentar os dous).

**C.** Unha vez corrixida a actividade anterior, pídalles que se fixen nas expresións destacadas na epígrafe A e pregúntelles que diferenzas atopan entre elas. Dígalles que o discutan en parellas e, por último, realice unha posta en común.

**Solución**

Anuncio	Conversa
<i>Fórmulas relativas cultas (aquelas persoas que)</i>	<i>Construcións de relativo simples (os que)</i>
<i>Léxico culto (será requisito indispensable, considerar méritos)</i>	<i>Léxico neutro (só poden presentarse)</i>
<i>Emprego da voz pasiva (serán seleccionados, serán admitidos, serán considerados)</i>	<i>Emprego da 2.ª persoa do singular (tes que) e da 3.ª do plural (danche, admitirán) no canto de construcións impersoais</i>

**E DESPOIS**

Propónalles aos seus alumnos o seguinte par de frases que poderían aparecer nunha convocatoria para unha bolsa e pídalles que as adapten a un rexistro máis coloquial. Se o considera oportuno, pode facilitarlles dicionarios para que resolvan as súas dúbidas de vocabulario.

A bolsa vai dirixida a todas as persoas que estean en posesión dunha licenciatura en Filoloxía.

Serán tidos en conta todos os méritos que os candidatos desexaren facer constar.

Acepte as diferentes versións dos seus alumnos sempre que manteñan o sentido orixinal das frases.

**Solución (suxestión)**

*A bolsa é para os que estudaron Filoloxía. Van ter en conta os méritos que queiras presentar.*

**MÁIS EXERCICIOS**

- Páxina 111, exercicio 3.
- Páxina 112, exercicios 6 e 7.



**5. INTERCAMBIOS**

**Establecer os criterios para seleccionar as persoas que participarán nun programa de intercambio de idiomas.**

# Valorarase a experiencia

## ANTES DE COMEZAR

Lémbrelles aos seus alumnos a epígrafe A da actividade 3, na que se facía referencia a un intercambio laboral entre empresas e pregúntelles se poden dar exemplos doutros tipos de intercambios. Admita todas as súas suxestións, sempre e cando estean xustificadas, ata que mencionen o intercambio de idiomas.

Pregúntelles se algunha vez fixeron un intercambio deste tipo, se lles gustou, se lles resultou positivo e por que. Pídalles que comenten as diferenzas entre facer un intercambio e asistir a clases de galego.

## PROCEDEMENTOS

**A.** A continuación, pídalles que imaxinen que van realizar un intercambio con falantes doutros idiomas. Explíquelles que a entidade que organiza estes intercambios é unha axencia que está en contacto con diferentes escolas de idiomas e que tenta adaptar as características das persoas ás necesidades ou esixencias dos estudantes.

Anime os seus alumnos a decidiren cales deben ser esas características. Forme grupos pequenos e pídalles que teñan en conta aspectos como a personalidade, o tipo de experiencias, as súas capacidades, as tarefas que deberán cumprir etc. Poden engadir outros que consideren importantes, aínda que non figuren na actividade (idade, sexo, estudos, afeccións...). Fágalles saber que poden ser moi estritos nas súas esixencias.

**B.** Indíquelles que deben redactar a súa solicitude para poder enviarlle á axencia, que a vai poñer na súa páxina web. Móstralles os tipos de expresións que poden empregar para que o rexistro final sexa formal.

## E DESPOIS

Se saíron diferentes listas, propóñalles que lean as dos compañeiros e decidan se lles gusta máis o tipo de persoas que escolleu o outro grupo. Se o local onde vostede imparte clases ten un blogue, poderían dispoñer nel as condicións que estableceron.

## 6. ORGANIZAR UNHA EXPOSICIÓN

**Ler as bases dunha convocatoria e escribir unha mensaxe electrónica e comentar os aspectos máis importantes da convocatoria.**

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se algunha vez participaron ou se coñecen alguén que se presentou a un concurso ou a unha convocatoria dalgún premio. Se algún deles contesta afirmativamente, pregúntelle a cal, como foi e cales eran as bases da convocatoria. Se ninguén contesta afirmativamente, dígalles que intenten adiviñar cales son os ítems que compoñen as

bases deste tipo de convocatorias. É importante que nas respostas saia o maior número posible de ítems, polo que, se for preciso, compléteos vostede ata que figuren polo menos os que aparecen na convocatoria da actividade (**requisitos, condicións, documentación, xurado, funcións ou obrigas do gañador, honorarios, prazo, lugar...**).

### PROCEDEMENTOS

Dígalles que van ler as bases da convocatoria dun premio e, deseguida, deben escribirlle unha mensaxe electrónica a un amigo ou amiga a quen lle poida interesar participar nela. Na mensaxe deben facer referencia aos principais aspectos das bases.

Pódelles propoñer que fagan a tarefa individualmente e logo que contrasten o seu texto cos de dous ou tres compañeiros. Cada un debe xustificar a elección dun ou doutro aspecto e, entre todos os do grupo, deben establecer cales son os aspectos máis relevantes. Se lle parece conveniente, pode fixar previamente un número de ítems (cinco ou seis, por exemplo).

Para rematar, realice unha posta en común para comprobar cales foron os aspectos máis votados. Se lle parece adecuado, pode recoller os textos dos alumnos para facer unha corrección da súa produción escrita.

## 7. ASUNTO: PRIMEIRA EXPOSICIÓN DO MUSAAC

**Elaborar un informe a partir de notas.**

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se algunha vez escribiron un informe ou se xa viron outros á parte do da actividade 3 desta unidade. Se alguén contesta afirmativamente, pregúntelle que formato e que estrutura tiña, se era similar ou moi distinto ao da actividade 3. Lémbrelles que este documento admite estruturas e formatos variados, segundo o que se necesite informar. Adíantelles que, en grupos, van escribir un informe da primeira exposición dun museo.

### PROCEDEMENTOS

Preséntelles a actividade aos seus alumnos e dígalles que van traballar en grupos de tres ou catro, segundo lle pareza conveniente. Unha suxestión para que se aproveite mellor o tempo é que, antes de separalos en grupos, se faga entre todos a distribución das notas, agrupándoas en temas que logo servirán para enumerar os ítems ou parágrafos da argumentación. Unha posibilidade sería a seguinte:

### Notas de contextualización:

*Lugar e data...*

*Título: "Vieiros..."*

**Notas que introducen elementos ou circunstancias positivas:**

*Interesante acto inaugural...*  
*Finalización das obras...*

**Notas que introducen elementos ou circunstancias negativas:**

*Lixeiramente cara...*  
*Estrutura da exposición...*  
*As fins de semana...*  
*Orzamento mal distribuído...*

**Notas que introducen elementos ou circunstancias neutras ou dubidasas:**

*Elenco de artistas...*  
*Contido interesante, actual...*

A continuación, sepádeos en grupos e dígalles que cada un pode desenvolver unha parte do informe. Dígalles que este pode ter un formato e unha estrutura moi similares aos do que aparece na actividade 3, pero que tamén poden suxerir outras alternativas sempre que haxa coherencia e cohesión no texto que presenten.

Recórdelles que o asunto do informe debe ser o título desta actividade e que tamén deberán engadirle un parágrafo de conclusión, no cal poden achegar as súas observacións e valoracións. Unha suxestión de estrutura podería ser:

**Remitente****Asunto****1. Introducción e motivación (notas de contextualización)****2. Organización da información**

1.º argumento: elementos positivos

2.º argumento: elementos negativos

3.º argumento: elementos neutros ou dubidosos

**3. Conclusión (observacións/valoracións/peche)**

Recórdelles, ademais, que poden buscar no modelo de informe da páxina 36, así como na sección CONSULTAR, nas páxinas 38 e 39, os distintos recursos que lles poden axudar a desenvolver mellor o texto. Así mesmo, poderá facilitarlles algún dicionario se lle parece conveniente.

Unha vez que todos os membros do grupo rematen a súa parte, dígalles que deben xuntalas formando un só texto e, logo, proceder a unha corrección para evitar a repetición ou o emprego inadecuado de vocabulario ou dos conectores que enlazan os parágrafos.

Cando teñan unha versión definitiva, recolla os informes de todos os grupos e léveos para facer unha corrección máis a fondo. Na clase seguinte podería facer os comentarios xerais, resaltando as características positivas que atope nos textos dos alumnos en canto aos criterios de cohesión, coherencia, adecuación, gramática e ortografía. Asemade, leve a cabo unha corrección dos posibles erros que tamén poida atopar.

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 112, exercicio 8.

## 8. UN CONCURSO PARA A CLASE

**Deseñar as bases dunha convocatoria. Decidir a cal se poden presentar.**

**ANTES DE COMEZAR**

Recórdelles aos seus alumnos que van realizar a tarefa final, que consiste en pensar as condicións para admitir candidatos a unha convocatoria. Móstrelles as imaxes das diferentes convocatorias da páxina e chámelles a atención sobre o feito de que non corresponden soamente a concursos. Pídalles que as lean durante uns minutos e, logo, discutan cun compañeiro que é o que propón cada unha delas.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Anúncielles que van traballar en grupos, pero que, primeiro, deben escoller individualmente a proposta que prefiren. Logo, poden agruparse segundo as súas eleccións. Tamén pode formar vostede os grupos e pedirilles que negocien que proposta van desenvolver, para asegurarse de que non quede ninguén traballando individualmente e de que os grupos formados se compoñen do mesmo número de estudantes.

Dígalles que teñen que deseñar as bases (oito condicións como máximo) da convocatoria que escollesen. Teñen que pensar nas condicións que deberán cumprir os candidatos, os méritos que terán que achegar ou as tarefas que deberán realizar. Tamén deben pensar nos criterios nos que se baseará a selección das obras e dos candidatos admitidos ao concurso ou ao posto.

**B.** Cando todos os grupos teñan rematados os seus textos, pídalles que os penduren na aula.

**C.** A continuación, explíquelles aos seus alumnos que deben ler todas as convocatorias e decidir a cal delas lles gustaría presentarse, tendo en conta as condicións establecidas polos seus compañeiros.

Cando remataren a lectura, pídalles que comenten cos compañeiros a convocatoria que escolleron e por que cren que se poden presentar.



## 9. DESCRIBIR A ARTE

**Observar un cadro de Luís Seoane e describilo por escrito. Ler a recensión dunha exposición, extraer as súas principais ideas e resumirla a un compañeiro. Facer a recensión do contido dunha exposición ou dunha obra de arte.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

A obra pictórica de Luís Seoane, de tendencia expresionista e abstracta, reflicte o afán do autor por recuperar paisaxes, símbolos e personaxes galegos e trasladalos a todas as partes do mundo. O cadro que figura na primeira epígrafe desta actividade denomínase *Mar bravo* e foi realizado en 1964.

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos cal é o tipo de obra de arte que máis lles gusta. Entre as varias respostas poden xurdir cadros ou lenzos, gravados, esculturas, tapices... Pregúntelles se lembran algunha obra en particular e, se hai respostas afirmativas, anímeos a describilas. Déalles a palabra aos que queiran facer as súas descricións e anime os demais alumnos a escoitalos.

### PROCEDEMENTOS

**A.** A continuación, pídalles que se fixen na imaxe da epígrafe A. Dígalles que se trata dun cadro do pintor galego Luís Seoane e aproveite para comentarlles os principais datos da súa biografía. Deseguida, pregúntelles se lles gusta o cadro da actividade e/ou se lles recorda algunha outra obra. Distribúalles cuartillas de papel, para que todos sexan iguais, e pídalles que describan o cadro da actividade nun pequeno texto e que tamén escriban o que cren que representa.

Logo duns minutos, pídale a cada alumno que lea a súa descrición en voz alta e apunte no encerado os trazos máis presentes nas súas caracterizacións. Ao final, dígalles o nome do cadro e entre todos poden comentar as descricións que máis se aproximaron á súa denominación. De todos os xeitos, teña en conta e intente deixárllelo claro aos seus alumnos, que o importante nesta tarefa non é que acerten o grao de coincidencia co título, senón o proceso que os levou a intentar describir un cadro e a capacidade de expresar as súas sensacións.

**B.** Deseguida, pregúntelles se saben que é unha recensión e asegúrese de que, tras as posibles respostas e suxestións, todos entendan que se trata **dun texto escrito no que se presenta unha obra facendo unha descrición detallada e tamén unha análise crítica.** A continuación, agrúpeos en parellas e preséntelles a recensión dunha exposición de Luís Seoane.

Explíquelles que un membro da parella vai ler os primeiros catro parágrafos do texto e o outro, os tres restantes. Logo, cada un vai tomar nota das principais ideas da parte que leu. Déixelles uns minutos para que o fagan.

**C.** Agora, déalles uns minutos máis e dígalles que cada un debe, oralmente, facerlle un resumo do texto lido ao seu compañeiro.

**D.** Para rematar, pregúntelles se algunha vez foron a unha exposición e pídalles que fagan unha recensión do seu contido. Se hai respostas negativas ou se non se lembran, dígalles que poden facela de calquera obra de arte que lles guste. Logo, coa mesma parella, deben intercambiar o seu texto e marcar as principais ideas reflectidas no texto do compañeiro. Se o considera conveniente, pode invitalos a comentaren eses aspectos entre todos na clase.

## 10. PREMIOS LITERARIOS

**Analizar as portadas de tres novelas gañadoras dun premio literario e relacionalas coas súas respectivas recensións. Elaborar a recensión dun libro ou dun filme.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

O Premio Xerais de Novela é un premio literario que lle concede a editorial Edicións Xerais de Galicia, dende 1984, a unha novela escrita en galego. A entrega é anual e adoita ser na semana de festividades de san Xoán.

Se dispón de exemplares dos libros que aquí se presentan, léveos á clase para mostrárllelos aos seus alumnos.

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos que criterios adoitan á hora de escoller un libro para ler: se se decantan por un autor que lles gusta, se seguen as recomendacións de amigos, coñecidos ou profesores, por exemplo, ou se tamén teñen en conta o feito de que a obra recibise algún premio. Comprobe se coñecen algunha obra premiada e coméntelles que en Galicia hai unha longa relación de premios literarios, nas máis variadas categorías: novela, teatro, relato, ensaio, investigación... Despois de escoitar as posibles e diversas respostas, coméntelles a posibilidade de obter algunha información sobre o contido dun libro a través da lectura dunha recensión.

### PROCEDEMENTOS

**A.** A continuación, pregúntelles se algunha vez se presentaron a un premio literario, con traballos escolares, concursos de prosa, poesía ou outros do estilo. Se só hai respostas negativas, pregúntelles se coñecen a alguén que se presentase: un amigo, familiar, coñecido... Se alguén contesta afirmativamente, mostre interese preguntándolle detalles de como, cando e onde foi, cal foi a obra coa que se presentou etc.



Preséntelles as tres novelas gañadoras do Premio Xerais de Novela que aparecen na actividade e pregúntelles se xa leron algunha delas ou calquera outra novela que fose premiada. Así mesmo, pregúntelles se coñecen outros premios literarios que hai en Galicia. Déalles uns minutos para que o discutan en parellas e logo faga unha posta en común para ver cantos premios literarios galegos coñecen.

**B.** Volvendo ás recensións, coméntelles que son unha boa maneira de coñecer previamente o argumento dun libro que se quere ler. Dígalles que abaixo están as recensións que a editorial fixo das tres novelas da epígrafe A. Propóñalles que, individualmente, as lean e relacionen cada unha co correspondente libro. Déalles uns minutos e, cando rematen, pídalles que comparen a súa resposta coa dun compañeiro. Deseguida, faga unha posta en común na clase.

**C.** Dígalles que agora deben pensar nunha novela ou nun filme que lles gustou e facer unha recensión.

